

NOME CIENTÍFICO

Cedrus deodara


Descrición:

É un tipo de conífera, pertence á familia dos pinos, polo que a súa morfoloxía vai a ter similitudes con estes. A súa forma é cónica e pode acadar os 30-50 metros de altura e uns tres metros de diámetro de tronco.

Familia: Pinaceae

Orixe: Especie nativa do Himalaia, Tíbet e norte da India

Nome común: Cedro, cedro do Himalaia ou cedro da India, cedro chorón



33



34

As súas follas son aciculares, do latín “acucula” que significa agulla pequena, e punzantes, de cor verde claro. Son perennes.



32

As flores masculinas aparecen individualmente e son de cor rosa ou amarelo. As femininas aparecen en pequenas piñas de cor verde claro. Florece en outono.



35

Cedrus deodara

Hábitat

É unha árbore de alta montaña que se pode atopar no seu hábitat natural entre os 1500 - 3000 metros, se ben, na práctica ocupa unha ampla variedade de hábitats.

No seu límite de altitude inferior aparece xunto con algunhas especies de carballo e no seu límite superior só por outras especies de coníferas.

Usos ou propiedades

É moi utilizada na India polas súas propiedades curativas e é básica na elaboración dos medicamentos aiurvéricos, os tradicionais na medicina india. Se utiliza como astrinxente, diurético, sudorífico, contra a psoríase, eccemas e mesmo para a eliminación de toxinas do estómago nos ritos hindús. É un excelente antifúnxico. Os insectos evitan esta árbore, polo que se pode obter a partir dela repelentes contra insectos.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

A palabra “deodara” provén do hindi “deodar” que significa a “madeira dos deuses” xa que se considera unha árbore sagrada na súa relixión. O nome de “Cedro chorón” procede da terminación das súas polas que caen lixeiramente, semellando bágoas.